

As pegadas das migracións

EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN POR RAZÓNS LABORAIS
NO RURAL DA UE

Organiza: Concello de Vimianzo


Ilustracións: Janoilustra.com

Colaboracións:

- Arquivo da emigración galega, Consello da Cultura Galega
- Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña
- Centro Galego de Artes da Imaxe
- ABC del Partido de Corcubión

Agradecementos:

- Kike Benlloch
- Silvia Fiallega
- Alberto Martí Villardefrancos
- Alberto Vázquez
- Ana Justo



Co-funded by the
Europe for Citizens Programme
of the European Union

ERN4mob - Partners



LEADER

Concello de Vimianzo - Galicia
(España / Spain)



Urząd Miasta Kostrzyn nad Odrą
(Polonia / Poland)



Comunidade Intermunicipal do
Alto Alentejo (Portugal)



Newry, Mourne and Down District
Council - North Ireland
(Reino Unido / UK)



Comune di Petrosino - Sicilia
(Italia / Italy)



Obec Zemplínske Hámre
(Eslovaquia / Slovakia)

ERN
4mob



Co-funded by the
Europe for Citizens Programme
of the European Union

ERN4mob - Encounters

Vimianzo (SP)

16-18-03-2016



Kostrzyn nad
Odrą (PL)

15-18-05-2016



Alter do
Chão (PT)

19-22-09-2016



Newry (UK)

30-11 - 03-12-2016




Petrosino (IT)

08-11-03-2017



Zemplínske Hámre
& Humenné (SK)

05-08-07-2017



Co-funded by the
Europe for Citizens Programme
of the European Union

ERN4mob - Objectives

To establish, develop and enhance **functional and sustainable cooperation among different European rural municipalities** and their citizens of different nationalities living together in the same local communities, for a better integration, participation and interaction in the residence country.




To identify **common needs** regarding European job mobility and to develop **synergies through the exchange of good practices** between different EU rural municipalities participating in the project.



To improve the **mutual understanding and learning about EU multicultural diversity** and EU policies in terms of mobility and to promote opportunities for social and intercultural engagement.



To promote **European citizenship** and improve participation conditions of different EU nationals and immigrants who live in the same local community, and thus, to encourage their participation in the democratic and civic life of the Union and its social cohesion.



Co-funded by the
Europe for Citizens Programme
of the European Union

As pegadas das migracións

EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN POR RAZÓN LABORAL
NO RURAL DA UE


O movemento, orixe da existencia



Os motivos para os desprazamentos humanos son diversos, individuais ou colectivos.

A maior parte das veces resúmense na oportunidade, a necesidade e a supervivencia. Deixan unha profunda pegada: coas persoas desprázanse tamén os seus valores e crenzas, costumes e coñecementos.

O intercambio, o movemento e a diversidade son as bases do desenvolvemento humano.



Co-funded by the
Europe for Citizens Programme
of the European Union

As pegadas das migracións

EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN POR RAZÓN LABORAIS NO RURAL DA UE


Emigración á Península Ibérica

Ata finais do século XIX, Portugal, Castela, Andalucía ou Madrid eran as eleccións máis habituais.

Eran desprazamentos vinculados cos ciclos agrícolas e co progresivo desenvolvemento urbano.

A poesía de Rosalía de Castro contén versos de denuncia do maltrato e os prexuízos aos que estaban sometidos fóra.


*Castellanos de Castilla,
tratade ben ós galegos;
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros. [...]*



As pegadas das migracións

EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN POR RAZÓN LABORAL
NO RURAL DA UE

As Américas como destino no s. XIX



Segundo o seu lugar de orixe, os emigrantes dirixíronse a emprazamentos concretos: Cuba, Uruguai, Brasil... para o caso vimiancés, Arxentina foi o lugar elixido.


Formouse unha cadea migratoria na que se mesturaban os intereses e a necesidade. As cartas dos familiares e as historias dos retornados animaban á partida.



As pegadas das migracións


EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN POR RAZÓN LABORAIS
NO RURAL DA UE

Comunidades de emigrantes en ultramar



A “Asociación Benéfica y Cultural del Partido de Corcubión” foi a responsable da construción de escolas como a Enrique Labarta Pose de Pasarela en 1931.

Moitos emigrantes mantiveron un forte compromiso político co exilio. O empresario vimiancés Perfecto López, presidente do ABC en 1950, participa na Editorial Citania e apoia a celebración do I Congreso da Emigración do Consello de Galiza.



Co-funded by the
Europe for Citizens Programme
of the European Union

As pegadas das migracións

EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN POR RAZÓN LABORAL
NO RURAL DA UE

A emigración ás Américas no s. XX



Entre 1836 e 1960 arredor de 2.000.000 de persoas partiron cara a América.

Eran agricultores ou de oficio non declarado. As mulleres necesitaban dun permiso por estaren tuteladas.




O campo resentíuse, a pesar do retorno e das remesas que chegaban.

Especialmente dura foi a época da posguerra, polas circunstancias que obrigaron ao exilio político...



As ausencias dificultaban o traballo na terra, rompían as familias pero tamén as comunidades.



Co-funded by the
Europe for Citizens Programme
of the European Union

As pegadas das migracións

EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN POR RAZÓN LABORAL
NO RURAL DA UE

Europa, o novo destino



Tras a guerra, países do centro de Europa necesitaban man de obra, ademais, Suíza convertírase nun dos destinos para os españois que están a sufrir altas cotas de paro, especialmente no agro.

A emigración asistida canalizouse a través do Instituto Español de Emigración. Era o encargado da tramitación de permisos e plans de reagrupación familiar. O goberno da ditadura aliviaba o exceso de poboación e garantíase a recepción de divisas.



ERN
4mob



Co-funded by the
Europe for Citizens Programme
of the European Union

As pegadas das migracións

EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN POR RAZÓN LABORAIS NO RURAL DA UE

A Costa da Morte emigra a Suíza



Ata os anos 80 a emigración a Suíza foi continua.

O acordo asinado co país regulaba as condicións dos traballadores invitados.

Os homes ocupábanse na industria e na construción; as mulleres, no sector hostaleiro e no servizo doméstico.

Ata 1980 preto de 72.000 coruñeses deixaron legalmente Galicia. O 40 % eran da Costa da Morte.

As testemuñas dos que o viviron son memoria viva do concello.




Co-funded by the
Europe for Citizens Programme
of the European Union

As pegadas das migracións

EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN POR RAZÓN LABORAL
NO RURAL DA UE

Retorno e inmigración




O dereito ao retorno fixo que moitos volvesen á casa coa xubilación. Outros, quedaron cun pé nos países que lles deron traballo.

Os fillos e fillas da emigración adaptáronse con maior facilidade.

Pasamos de ser país de partida a recibir inmigrantes en moi pouco tempo.

Á inmigración de retorno ás raíces súmanse os que elixen traballar e vivir sen vinculación ningunha co territorio.



Co-funded by the
Europe for Citizens Programme
of the European Union

As pegadas das migracións

EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN POR RAZÓN LABORAL
NO RURAL DA UE

Un mercado laboral global




O traslado desde Vimianzo a cidades como A Coruña, Madrid ou Barcelona continúa.

O estalido da crise en 2008 puxo enriba da mesa o debate migratorio. O desemprego afectou especialmente á xuventude.

Gañou peso o perfil do emigrante como persoa cualificada, home ou muller.

Chamáronlle “mobilidade laboral



Co-funded by the
Europe for Citizens Programme
of the European Union

As pegadas das migracións

EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN POR RAZÓN LABORAL NO RURAL DA UE

Cos cinco sentidos





A emigración é parte da identidade galega. Non só está nas artes.

A gastronomía viaxou con nós. As lembranzas saben a mate e a chocolate.

A linguaxe incorporou expresións como “repasador” e “bruxo”.

E viuse reflectida nos grandes escritores galegos. Tamén nas cartas de familiares e amizades.



As pegadas das migracións

EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN POR RAZÓNS LABORAIS
NO RURAL DA UE

Cos cinco sentidos



A pegada vese nas fotografías de Manuel Ferrol e Alberto Martí, nos documentais de Eligio González e incluso no cómic.

Está nas melodías galegas de Juan Montes e nas cancións de Ana Kiro, escóitase no tango Galleguita e vibra con Siniestro Total.

A música e a danza tradicionais son unha áncora de arraigamento, vehículo de cultura.



As pegadas das migracións

EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN POR RAZÓN LABORAL NO RURAL DA UE

Retos de futuro

Os movementos migratorios desenvólvense nun contexto globalizado cada vez máis complexo. Seguen a existir desprazamentos de millóns de persoas.

Vivimos nunha sociedade multicultural na que as políticas de integración e acollemento serán claves para o futuro.

A memoria e o legado da nosa experiencia migratoria ten que ter voz neste debate.

